

## COMUNICADO DE PRENSA

# O PROFESORADO DE INFANTIL DOS CENTROS PÚBLICOS DE GALICIA ESIXE UN AGRUPAMENTO DO ALUMNADO DE 3, 4 E 5 ANOS QUE NON SUPERE OS 15 ALUMNOS EN IDADES MESTURADAS NIN OS 20 EN IDADES IGUAIS

Federación de Traballadores do Ensino da Unión Xeral de Traballadores (FETE-UGT/Galicia), despois de levar a cabo unha campaña de recollida de sinaturas do profesorado do corpo de mestres que imparte nos centros públicos de educación infantil, presenta os resultados aos medios de comunicación que poden resumirse así:

PROVINCIAS	CENTROS	UNIDADES	PROFESORADO DE INFANTIL
CORUÑA	366	956	1.181
LUGO	122	264	318
OURENSE	110	231	278
PONTEVEDRA	311	910	1.126
GALICIA	909	2.361	2.903

A táboa reivindicativa:

***.Agrupamento dun máximo de 20 alumnos e alumnas da mesma idade (neste intre chegan ata 25), nas unidades de educación infantil de 3, 4 e 5 anos.***

***.Agrupamentos dun máximo de 15 alumnos e alumnas en idades mesturadas (neste intre existe un importante número de grupos de 20 ou máis alumnos), nas unidades de educación infantil de 3, 4 e 5 anos.***

***.Acreditación do complemento de titoría e outras funcións para o profesorado que imparte en infantil.***

***.Recoñecemento do cargo e consolidación do complemento de dirección para os responsables das escolas de ensino infantil (EEI).***

***.Creación do posto de coidador/a en cada centro con, polo menos, o ciclo completo 3-6.***

Foi avalada por un total de CINCO MIL DOUSCENTOS CORENTA E SEIS (5.246) profesores e profesoras de infantil e primaria. Que significa que foi asinada pola práctica totalidade do profesorado de infantil e por un considerable número de profesoras e profesores de primaria.

No día de hoxe faise a presentación no rexistro xeral da Consellería par que a titular do departamento teña coñecemento de dita demanda e ínstase para que tome as medidas necesarias para implantar esta rateo máxima, que sen dúbida contribuirá a mellorar a calidade do ensino nesta transcendental etapa escolar.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2008.

**SECRETARÍA DE ENSINO PÚBLICO DE FETE-UGT GALICIA**